

## **Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.**

**Ficha documental da epistola de Luís Seoane, a Francisco Fernández del Riego do 19/09/1974**

**Colección:**

**Data:** 19/09/1974

**De:**

Luís Seoane;

**Para:**

Francisco Fernández del Riego;

**Orixes:**

Nova York (local), Nova York (estatal), EEUU (nacional)

**Orixes:**

Montevideo, 1985, 13° (de enderezo), Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional)

**Destino:**

Vigo (municipal), Vigo (comarcal), Pontevedra (provincial)

**Ficha descriptiva:**

[Carta mecanografada con firma autógrafa]

**Temáticas:**

*Arte Mural. Ilustraciones; El Matadero; Letras do noso tempo;* Artes; Artes visuais; Emigración; Espazos artísticos; Galería Bonino; IV Congreso de la Emigración Española. 1971; Literatura; Migracións;

**Mencionados:**

Luís Bagaría; Valentín Fernández; Carlos Maside; Marcelino Pedreira; Luz Pozo Garza; Rodolfo Prada; Maruxa Seoane; Alberto Vilanova Rodríguez;

---

## **Transcripción da epistola de Luís Seoane, a Francisco Fernández del Riego do 19/09/1974**

Buenos Aires, 19 de setembro de 1974

Sr. D. Francisco Fernández Del Riego

Vigo

Meu querido amigo:

Déboche carta dende fai mais de un mes. Perdóame. Estou expoñendo en Bonino e traballo moito e non me sinto de todo ben fisicamente. Sae prósicamente un pequeno libro meu na Editorial Sudamericana, *Arte Mural. Ilustraciones*, con reproducións de obras miñas e uns textos encol destes xéneros do arte. Tamén un

álbum de serigrafías de moi poucos exemplares con sete estampas de circo, e un libro clásico arxentino, El Matadero, con 16 grabados en madeira en edición de luxo; e tres exposicións máis, nos derradeiros días de outubro en outra galería de Buenos Aires, de estampas; en Decembro en Punta del Este, no Uruguay, e o 5 de Xaneiro en Mar del Plata, hoxe moi importante mercado de arte. Recoilo material pra unha monografía encol de Bagaría e continúo preparando a de Maside pra o ano que ven. Esto discúlpame, de certo xeito, como te disculpa a tí o moito que traballas nos teus retrasos.

Non sei nada das andanzas de Valentín, (Valcapone chámalle Vilanova) nesa. Sei que foi ó Congreso de Emigración. Eu vivo ó marxe da coleitividade. Somentes vexo a Prada e a Pedreira. Recibín desa o número de Grial que trae o meu traballo. Agradézoche a súa inclusión, matino que pode ser útil por algúns datos que recoilo. Todo está por facer no que se refire a arte contemporáneo. Xa falaremos desto cando regrese. Fáltame o número 44, 6 xunio, de Grial que non me chegou, e quixera telo para ter completa a colección. ¿Cando publicamos o traballo de Luz Pozo Garza?. Emilio Pita está como un neno pola próisima saída do seu libro. Dádeslle unha grande alegría, e merécea.

Recibín o teu libro Letras do noso tempo moi importante e bon. Importante por se tratar de unha panorámica das letras universáes que de algún xeito teñen eco en Galicia, moi bons os teus xucios. Esta é a miña impresión despóis de leélo moi rapidamente, pois chegou fai uns días.

Regresaremos en xaneiro. Escíbeme, por favor, faino nun intre de ocio na praia América. Unha aperta forte dos dous pra os dous:

Seoane

[Escrito a man na marxe superior dereita:] Montevideo 1985-13<sup>o</sup> Depto. 6

---

## **Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*

*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*

*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

### **Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":**

*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*

*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

### **Consultas e colaboracións:**

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en [epistolarios@consellodacultura.gal](mailto:epistolarios@consellodacultura.gal) ou no teléfono 981957208.